

Programación de xullo

Despois dun mes tan emocionante, no que rematou o curso, nervios polas notas finais, polas actuacións de fin de curso, algúns nenos e nenas deixaron o colexio para ir ó instituto, algunha profesora que se xubilou... despois de todas as emocións chega o mes do verán por excelencia. Xullo, ou Santiago como é chamado polos avós e avoas, neste mes volve a liberdade de horarios, as longas tardes na praia ou no monte, e no Cuco de Coruxo queremos desfrutar dunhas mañás relaxadas pero cheas de actividades.

A dinámica de xullo é un tanto diferente ao resto do ano, non solo polo cambio de horario, se non que se dan reencontros entre nenos e nenas que non van ao mesmo colexio pero que se coñecen dos veráns no Cuco, os novos socios que descubren un lugar divertido cheo de amizade, e os usuarios habituais que non deixan de vir tampouco no verán, e que xa son como unha segunda familia.

Tentaremos levar todas estas actividades seguindo un cronograma semanal, no que existirá, xogo libre durante 2 horas ao día, merenda e alternancia de actividades segundo o tempo que vaia.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:45	XOGO LIBRE	XOGO LIBRE	XOGO LIBRE	XOGO LIBRE	XOGO LIBRE
10:45-11:00	MERENDA	MERENDA	MERENDA	MERENDA	MERENDA

11:00- 12:30	XOGOS DIRIXIDOS/ OBRADOIROS	XOGOS DIRIXIDOS/ OBRADOIROS	XOGOS DIRIXIDOS/ OBRADOIROS	XOGOS DIRIXIDOS/ OBRADOIROS	GRAN XOGO
12:30- 13:20	XOGO LIBRE	XOGO LIBRE	XOGO LIBRE	XOGO LIBRE	



O mundo da



pintura

Durante a primeira quincena descubriremos algúns dos autores e autoras plásticos máis coloridos e vangardistas como Miró e Maruxa Mallo. Coñeceremos algunha peculiaridade das súas vidas que nos axudarán a entender a súa arte.

Por un lado falaremos de como nos expresamos a través da arte, e falaremos da diversidade, aproveitando que pasou o día do Orgullo LGBTI, e coñeceremos un montón de estilos diferentes e que son todos bonitos e válidos.

En Maruxa Mallo tamén temos que facer fincapé, xa que é unha artista moi importante, e aínda que é galega, o vivir case a toda a súa vida no exilio, é unha gran descoñecida para a maioría. Este ano foi homenaxeada polo Día das Artes Galegas.

Obxectivos:

Aceptar a diversidade, as distintas maneiras de expresión.

Coñecer algúns dos artistas máis importantes do século pasado.

Expresar a través da pintura os sentimentos.

Fomentar a cohesión e a fortaleza do grupo-colectivo de nenos e nenas do Cuco.

Desenvolver a psicomotricidade fina e grosa.

Actividades:

Gran Mural:

Sobre un gran papel colocado no chan faremos arte cubista ao estilo Picasso, tamén faremos adornos estilo Maruja Mallo á que tanto lle gustaban as cunchas do mar.

Obradoiro de pintura:

Sobre uns lenzos individuais versionaremos obras de Miró que ten un gran colorido e formas moi evocadoras.

Festa de disfraces de artistas:

Grandes iconas pop, houbo moitos artistas recoñecidos pola súa maneira de vestir xa que tamén empregaron a moda como modo de expresión. Picasso, Frida Kahlo, Dalí, etc.

Gran xogo:

A través das cousas que fomos aprendendo, cousas curiosas da vida dos artistas, cadros máis coñecidos, artistas que inventaron cores, faremos o gran

xogo, unha gran gymkana polo patio do colexio con multitude de probas e preguntas.



Olimpíadas



Durante o verán no podemos perder a forma, polo que na segunda quincena aproveitaremos o bo tempo para practicar moitos dos nosos deportes favorito, organizándoos en olimpíadas.

Obxectivos:

Coñecer e practicar os deportes olímpicos.

Potenciar a convivencia a través das distintas dinámicas (distensión, cohesión e cooperación)

Fomentar valores cívicos e morais atendendo ó eixo transversal da educación non formal.

Introducir habilidades sociais como a empatía e valores como a tolerancia, a bondade como ferramentas para unha mellor socialización.

Afianzar a psicomotricidade fina e o aparato psicomotor en xeral, cos xogos, dinámicas, obradoiros e a actividade deportiva.

Manter a forma física facendo exercicio

Actividades:

Multi-deporte olímpico:

Empregaremos o pavillón do colexio ou o campo de fútbol, para ir aprendendo diferentes xogos olímpicos, salto de lonxitude, baloncesto, ximnasia...etc.

Obradoiro de medallas:

Con pasta de sal crearemos as nosas grandes medallas para condecorar aos que resulten gañadores ou gañadoras.

Obradoiro de modelado de arcilla branca:

Faremos o noso propio vaso para o cepillo de dentes con materias orgánicas, neste caso arcilla que aprenderemos a modelar como os auténticos alfareiros. E decorarémolos como unha antiga conmemoración grega para as olimpíadas.

Gran mural:

Desta volta tentaremos representar como eran as antigas olimpíadas, como competían e que obxectivos tiñan as probas. Polo que faremos un mural bonito e didáctico.

Gran xogo olímpico.

Despois de ter entrenado durante toda a quincena, faremos unha xornada final na que por grupos poremos a proba os nosos talentos deportivos, e iremos pasando probas que nos leven a gañar algunha das medallas.



Saída á



praia

Durante este verán tentaremos trasladar o PDI O Cuco de Coruxo á praia do Vao, como temos feito en veráns anteriores.

Aproveitamos que esta estupenda zona de esparcemento ao aire libre está ao noso carón, para facer un día especial. Sempre contamos coa colaboración de pais e nais voluntarios, e este ano contaremos cun socorrista profesional, que nos virá salvagardar.

Durante esta xornada merendaremos á sombra dos piñeiros e despois baixaremos a bañarnos, se non vai demasiado calor podemos aproveitar para facer xogos na area, como o brilé.



Ludovelada



Coma todos os anos, excepto o ano pasado que fixemos a gran verbena, o último día durmiremos no noso espazo, a partir das 7 da tarde recibiremos aos nenos e nenas, que traeran os sacos de durmir e víberes. Despois prepararemos as actuacións que iremos organizando todo o mes. Deste xeito faremos unha velada nocturna moi divertida e en comunidade. Teremos karaoke e algunha actuación musical a maiores.